

**XAVIER FRIAS CONDE**

**INTRODUCCIÓN Á LITERATURA  
EONAVIEGA**

COLECTIVO DE ESCRITORES DO EO-NAVIA  
COTARELO VALLEDOR



**Abril 2000**

# 1. UNHA LITERATURA CON MÁIS DUN SÉCULO DE HISTÓRIA

Aínda que pareza algo estraño, desde finais do século pasado véñse facendo unha literatura modesta máis cada vez máis puxante na Terra Eo-Navia, usando, nos máis dos casos, o galego local. Non pretendemos dar unha visión profunda da literatura neste século XX, mais si sinalaremos algúns momentos e autores que pertencen á literatura galega, por escriberen neste idioma, e son asturianos, polo que están fóra das antoloxías e dos estudos adicados aos escritores en lingua galega.

Os máis deles nunca tiveron consciencia de escriberen en galego, mais iso non implica que a literatura galega non haxa de se ocupar deles. En calquera caso, si é preciso que teñan un tratamento especial, ao menos os autores nados antes dos anos cincuenta.

## 1.1. Comezos da literatura

Máis que de literatura creativa (poesía ou narrativa), nestes primeiros momentos cómpre falar de articulismo, é dicir, o uso literario do artigo, en publicacións locais, onde ás veces aparecen tamén poemas ou narracións de marcado sabor local. En xeral, a calidade literaria destes artigos é pouca. Os artigos dos xornais e dos folletos son habituais desde o comezo do século XX até o estoupido da Guerra Civil Española no 36. Foron, decote, elementos de uso partidario e déronse na zona que daquela, e aínda arestora, se pode considerar a de maior movemento cultural: a beira do Eo desde A Veiga até Tapia. Por citarmos só uns nomes, están **Manuel Fernández García** (Serantes 1888-?), **Pedro G. Arias** (1877-?) e **José de Villalain** (Navia 1878-Salinas 1939). É mester salientar o xornal *El Castropol* como o máis importante desa xeira, semellante a tantos e tantos xornais galegos coetáneos e de vida tamén efémera. Non se debe buscar en nengún destes casos unha mínima procura dun subestándar para o galego asturiano. Cadaquén escribe como lle vén en gana, ficando así os autores locais á marxe das tendencias estandarizadoras que existían en Galiza e en Asturias.

No eido poético, o primeiro soneto escrito na comarca eonaviega é de **Bernardo Acevedo** (Boal 1849- Oviedo 1920), grande estudioso do oci-

dente asturiano, quen se fixou non só os costumes locais, senón que se interesou mesmo polo dialecto galego de Asturias, aínda que non o considerou galego, senón asturiano; el foi o primeiro recompilador do léxico galego asturiano. Destaca tamén a súa faceta de poeta, xeralmente en bable, mais cunha única composición en galego de Boal, este soneto escrito na memoria do ilustre Xovellanos:

*Vusté era un gran señor, eu era un probe;  
Vusté era un sabio; eu era un ignorante;  
Eu era un ananín, vusté un xigante;  
Pedra fina vusté, e eu un adobe.*

*Dios axuntounos!... E se a min me move  
A Piedá pra ir de Xove asta Levante,  
A traición e a inxusticia, malandante,  
Tráenlo a vusté dende Levante a Xove.*

*Sirve a España leal, e al soberano  
E páganlle en traiciois os tramposos:  
Sírvolo eu a vusté... E chámame irmao*

*Se lle erguen uha estauta, xenerosos  
Mañá en Xixón, suprique a sous paisanos  
Que fagan a pilastra cos meus ósos...!*

Inxustamente esquecido pola crítica literaria galega, houbo outro magnífico poeta da beira do Eo. Trátase de **Antolín Santos Mediante Ferraría** (Taramundi, 1880- Piantón -A Veiga-, 1944). Foi galardoada a súa composición *A un muíño desfeito* en 1925 polo Círculo das Artes de Lugo. Os eixos temáticos da súa obra son contos e tradicións orais, cantigas ao estilo popular, cantos ás festas da comarca e a tipos populares (o gaiteiro, o zoqueiro, o albeite), poemas á paisaxe, aos traballos e á vida campesiña, denuncia da situación do labrego e anticaciquismo.

Hai outros autores tamén anteriores á Guerra Civil cuxa poesía merece ser citada. A diferenza entre estes e Santos Ferraría xace sobretudo no estándar que empregan, posto que as temáticas coinciden: denuncia do caciquismo, gosto polo popular e canto á paisaxe, elemento este que se achará ao longo de toda a poética deste século.

Estes poetas coetáneos os que me veño referindo son **Ramón García González** (Castropol 1870-1938) quen tentou pola primeira vez na literatura galega de Asturias alcanzar unha lírica enxebre de carácter modernista. A súa obra máis coñecida é un longuísimoo poema que leva por título *El xardín*. O outro poeta coñecido é **Conrado Villar Loza** (Taramundi 1873-Tapia 1962), quen ademais foi dramaturgo, inaugurando unha tradición de teatro popular arredor da vila de Tapia de Casarego que aínda subsiste hoxe en día. Coñéceselle pola súa poesía da emigración, tema moi recorrente tamén no resto da literatura galega. A súa composición máis popular é un poema intitulado *Lonxe de aquí*, as palabras dunha nai que reclama o seu fillo emigrante.

## 1.2. A literatura eonaviega de 1939 a 1975

Como é doado supor, a bisbarra ultraoccidental de Asturias sufriu o mesmo retroceso na creación literaria que o resto das áreas españolas con lingua propia. Con todo, hai certos autores que continúan a tradición encetada anos atrás e manteñen un cultivo do poético no galego local que non terá, loxicamente, as connotacións sociais e políticas que se podían achar anteriormente. A temática será sempre de canto á terra e unha manifestación da señoardade cando o poeta se acha lonxe da súa terra natal.

No estrictamente literario, novamente a poesía é o único xénero que merece ser citado. O primeiro autor coñecido é o boalés **Benjamín López**, cuxa obra literaria está recollida nun único libro *Montañas de la Costa Verde* (1960). Trátase dunha breve obriña publicada postumamente de tan só 28 páxinas. O carácter de canto á terra abrangue desde a primeira á última páxina, mesturándose poemas en castelán e galego, como tamén ocorreu con Daniel Vargas.

Cunha poesía máis refinada mais tamén moi tradicional escribiu **Daniel Vargas Vidal**, orixinario de Tapia de Casarego e cuxa obra literaria está recollida no libro *Añoranzas y recuerdos de Tapia de Casariego* (1967). Este libro, de 335 páxinas, consta de dúas partes, a primeira é un percorrido por momentos da vida do autor en Tapia, con textos en castelán onde con frecuencia aparecen parágrafos enteiros en galego. Aquí úsase moito a anécdota coma elemento que provoca unha caste de confesión do autor, xa adulto, ao lector cando este segundo era rapaz, co seu peculiar desenfado e coñecemento óptimo da lingua sobre todo nos niveis populares. É un fino observador da xente e do contorno no que se move.

Coma poeta ten unha longa colección de poemas dentro do seu único libro. Tamén aquí hai composicións en galego e en castelán, mais cómpre ver nel que aquilo que quere cantar nun ton máis elevado faino empregando o español, mentres que o galego déixao para cantar elementos relacionados co seu pasado, coa súa infancia, coa paisaxe de Tapia, con xogos infantís.

Non deu moito máis de si esta época. Haberá que agardar aos anos oitenta para que volva unha literatura máis viva. Nembargante, estes dous autores que vimos de citar serven de ponte entre os primeiros autores e mais os actuais. Trátase dunha tradición moi local mais que xa vai camiño de facer un século.

### **1.3. A época actual**

Desde 1975, como xa dixemos, as circunstancias mudaron. O Eo-Navia non é alleo a ese acordar que se dá tanto en Galiza coma en Asturias. Mais este recuperado interese pola lingua e culturas autóctonas tivo novamente dous referentes distintos: dunha banda, algúns autores mirarán para Galiza, como parte dunha cultura que vén desde a comunidade viciña e que atravesa o Eo para chegar aos límites lingüísticos; doutra banda, Oviedo servirá como único referente de dinamismo cultural, de modo que a literatura eonaviega ha ser parte da asturiana.

Malia a división entre integradoristas e illacionistas, pódese afirmar que é agora cando a literatura galega de Asturias é máis abundante e abrangue diversos xéneros e temáticas, como veremos máis adiante. Áchanse, mesmo, mostras de literatura infantil.

#### **1.1.1. Tres xeracións**

Os escritores que comezaron a escribir a partir de 1975 responden a tres épocas ben distintas. Entre os primeiros están todos aqueles nados nas décadas dos anos vinte e trinta; entre os segundos os nados nas décadas dos corenta e dos cincuenta; na terceira e derradeira, os nados xa na década dos sesenta en adelante. Estes tres grupos son aproximativos e non posúen unhas características moi marcadas. Probabelmente, os mellores autores na literatura galega de Asturias son os últimos, escritores todos eles cunha formación universitaria e coñecedores doutra realidade culturais viciñas.

Do primeiro grupo podemos citar a **Manuel García**, *El Galano* (Tapia, 1925), autor moi prolífico mais facedor dunha literatura moi popular mais

de escaso valor literario. Escrebe tanto prosa (relatos curtos, os máis deles recollidos no libro *Parzamiques*). Cultiva tamén o sainete localista, cuxa colección completa está recollida no libro *Mariaxes tapiegos*.

**Cándido Sanjurjo** (Abres, A Veiga, 1919) é autor de poemas e contos publicados en xeral nos xornais e revistas da beira do Eo. Moi ancorado tamén no tradicional, usa, porén o galego lucense (máis achegado, logo, ao galego comun). Ten máis valor literario que moitos dos seus coetáneos, cunha prosa máis rica e viva, malia ser tamén moi localista.

**Adela Conde Valledor** (S. Salvador del Valledor, Allande, 1925) é unha muller autodidacta cuxa sensibilidade poética exquisita se transmite deliciosamente através dunha poesía moi sinxela en canto á forma mais cargada de intensidade. Escrebe temas de intimidade, de amor filial e de señardade, con verso libre, o cal non é moi normal en poetas do seu tempo, moi suxeitos aínda ao verso con rima e métrica definidas. Toda a súa obra poética (uns vinte poemas) está publicada na revista *O Espello* e figura na colectánea de poesía do Eo-Navia *Carreiros* (1998).

Desta mesma época é **Alejandro Antúnez** (Navia, 1933), autor dun libro de versos: *Muchicas del meu !ar* e outro de relatos (anécdotas): *Papadíos de Navia*. Como poeta é moi frouxo agás nalgún poema como *Al arribada*, mentres que como prosista a penas logra manter o interese do lector. Ao igual que *El Galano* son autores festexeiros.

Dentro do segundo grupo non hai grandes escritores e continúa a abundar unha literatura de festas que non chega a ter case valor literario. Na poesía posterior está **Teresa López** (Boal, 1950), filla de Benjamín López, que ten unha serie de versos de louvanza á terra natal moi na liña de seu pai. Amósase moi tradicional verbo do metro e cun marcado sabor localista.

Cunha temática semellante está **César Cimadevilla**, que publicou algúns dos seus poemas na revista *A Freita*. O eixo que inspira os seus versos é o río Navia, como noutros autores (como Cándido Sanjurjo) é o río Eo (ou ben a ría).

Probabelmente o mellor narrador deste segundo grupo é **Xosé Máximo Fernández** (Campos, 1947), autor de tres contos de alto contido fantástico, cun estilo moi persoal e enormemente atraentes, todos situados na Mariña eonaviega. Estes relatos son *Cultivos de humanos en Arret*, *A saga dos Bauer* e mais *Alto segredo de mal estado*. O primeiro e o terceiro están publicados no *Espello*.

A chegada do derradeiro grupo xeracional, os autores nacido a partir de 1960, supón unha ruptura inmensa verbo de temas, modos, filosofía e comprensión xeral da literatura galega en Asturias tal como a concibían os autores anteriores. Sen renunciar a unha herdanza, estes autores buscarán novos vieiros para desenvolveren unha literatura moderna e de calidade. Deles falarei máis adiante aprofundando no que son e significan para a literatura galega.

### ***1.1.2. As revistas***

Debido á dificultade que supón a edición de libros, as revistas son o medio máis común de expresión literaria no ultraoccidente asturiano. De todas as maneiras, non teñen como obxectivo ser un elemento de difusión da literatura da zona, senón da cultura en xeral, polo que as revistas existentes, agás *O Espello*, recollen toda caste de artigos, os máis deles relativos á bisbarra.

Existe unha paraliteratura que vén da tradición xornalística de comezos de século. Trátase de contos, relatos e anécdotas que se editan en publicacións periódicas locais e mesmo en libros de festas. Estas mostras son moi numerosas mais o seu valor literario adoita ser escaso. Existe, porén, unha certa traxectoria de escrita de artigos. Este xénero, o **articulismo**, ten cabida nas dúas publicacións periódicas en galego da zona e ás cales paso a me referir arreo.

A revista de maior antiguidade é *A Freita*, da cal ata agora apareceron once números. Esta revista, de carácter xeral, comezou a se publicar en 1992, dando cabida a artigos de toda caste e de toda temática. Pola primeira vez, plumas galegas publican nunha publicación eonaviega. Entre os articulistas habituais desta revista cómpre citar a Benigno Fernández Braña, Xan Castañeira, Xosé Máximo Fernández, Susa Argul Muniz, Xosé Antonio Ron Tejedo, etc.

Esta revista comezou a ter un suplemento literario a partir de 1995, *O Espello*. Esta publicación naceu como un proxecto de dar difusión aos autores eonviegos a través dunha edición menos formal que o libro. Ata agora apareceron catro números da revista e mercé a ela se deron a coñecer algúns dos escritores que agora fan a súa obra en galego de Asturias. Ao mesmo tempo, pola primeira vez se están a traducir autores en asturiano ao

galego (sexa estándar ou sexa subestándar eonaviego<sup>1</sup>) e escritores de sona galegos participan desta publicación. Ademais, neste ano de 1998 asistimos ao nacemento de *O Espello* como revista, incluíndo unha nova sección de crítica literaria e novo formato. Pretende ser un dos referentes literarios da cultura galega desde Asturias, sen esquecer ser unha voz dos autores eonaviegos.

A outra revista da zona é *Entrambasaguas*, tamén de carácter xeral e onde teñen cabida sobretudo artigos de carácter local. Non se marca obxectivos literarios e só fai artigos sinxelos dirixidos sobretudo ao público da zona.

Xunta a estas, áchanse os libros de festas editados polos concellos que presentan aquí e acolá textos en galego asturiano, que en xeral non teñen valor literario. É posíbel achar contos (máis ou menos populares ou eruditos) e ata versos, pasando por reflexións do máis variopinto. Neles aparecen tamén as anécdotas, un elemento literario moi frecuente.

### 1.1.3. Últimos autores

Xa entramos no derradeiro grupo de autores, aqueles que naceron a partir de 1960 e que deron unha importante viraxe á literatura galega de Asturias verbo da calidade e da cantidade (especialmente do primeiro). Xa dixemos ao comezo deste apartado que os máis deles están divididos segundo dúas visións do idioma, unha primeira, integradorista, que se sente parte da literatura galega aínda que empregue o galego da zona (aínda que non exclusivamente) e a outra que se choe en si mesma, pretendendo ser literatura só para a terra Eo-Navia, chamada illacionista. Aquí non distinguirei ambas as tendencias vixentes ao tratar deste grupo de autores, dado que os elementos que teñen en común son moitos.

O xénero que probabelmente acadou máis calidade é a poesía. Case todos os autores xoves cultivana con maior ou menor éxito. Quen primeiro

---

Existe un subestándar para o galego de Asturias admitido por parte dos escritores.. Dentro do subestándar existe a posibilidade de se abeirar moito ao dialecto falado ou de se afastar del e se achegar máis ao estándar vixente con medidas de compromiso entre o galego interior e mais o asturiano; a primeira opción véñse chamando de mínimos e a segunda de máximos, mais ambas fican dentro do normativo.

publicou en galego de entre estes autores foi **Crisanto Veiguela** (A Veiga del Eo, 1959). Toda a súa obra poética está diseminada en revistas, utilizando igualmente o galego padrón coma o galego eonaviego. A súa poesía é moi intimista, señardosa e de canto á terra e á paisaxe que o viron nacer. Crisanto Veiguela é ademais traductor ao galego, estudioso literario e escribiu algún relato en prosa, seguindo a tradición da anécdota ou parzami-que (*El leite mouro*). Participa na colectánea poética *Carreiros* e publicou o poemario *A vida sempre e sobretudo* (2001).

Autor polígrafo é **Xavier Frías Conde** (Béjar, Salamanca, 1965), orixinario do concello de Allande. Escribe en todos os idiomas de Asturias, aínda que o groso da súa obra está en galego. Xunto con Crisanto Veiguela leva a revista literaria *O Espello* e como el alterna o uso do galego padrón co subpadrón do galego asturiano, situándose entrambos na liña que xa encetara Cotarelo Valledor. A súa obra en galego asturiano consta de varias obras; o seu primeiro poemario é *Onte foi cabalo de sinza* (1990), seguido do libro infantil *El xabaril que quería enhalar* (1991), e varios poemarios breves en revistas: *Cando se ergue a noite* (1992), *De costume imposible* (1996) participante na colectánea *Carreiros*, e ultimamente o poemario *Azul e Terra* (2000) e *Lar de Lúa* (2001). Ten un relato breve intitulado *Na compañía dos lobos*. É quen até agora máis profundamente estudou a literatura galega de Asturias.

**Xosé Miguel Suárez** (Mántaras, Tapia, 1965) é un autor moi preocupado polo idioma. O seu primeiro poemario que apareceu publicado en galego asturiano foi *Bidureiras de Inverno* (1990). Este mesmo escritor deu ao prelo en 1994 *Nas arribadas*, outro excelente poemario onde trata de se buscar a si mesmo que corre paralelo ao tempo que lle foxe, combinándoo cun canto á paisaxe do país e á muller amada. Ambos os libros seguen esa mesma liña, escritos nun galego moi coidado e rico en canto ao léxico. Suárez publicou, ademais, outros poemas soltos en revistas.

Un dos últimos poetas que chegou ao panorama eonaviego foi **Quique de Roxíos** (Boal, 1965), persoa moi comprometida coa recuperación e promoción da lingua galega de Asturias. Durante 1999 deuse a coñecer coma escritor através da revista *O Espello*, cun poemario breve intitulado *Teño dolo da túa risa*. Ao mesmo tempo, ten publicado algúns contos para nenos.

Un cuarto poeta é **Alfredo González Fernández (Fredo de Carbexe)** (El Franco, 1967), autor do poemario *Mourén dos fondales*, obra na que hai, xa desde o título, omnipresencia das sombras. O poeta busca a ilumi-

nación, a luz, através dos versos percorrendo así, como nos casos anteriores, a paisaxe, a terra e a lingua. Ten algúns poemas máis na obra *Muestra de nueva poesía*. Algúns dos seus poemas están publicados na antoloxía *Milenio* de Basilio Rodríguez Cañada (1999).

**Viqui Veiguela** (León, 1979) é a última incorporación ao panorama literario eonaviego. Orixinaria de A Veiga, comezou a publicar en galego en Madrid através do grupo literario *Bilbao*, onde coñeceu a Crisanto Veiguela e Xavier Frías. Até agora publicou o poemario *Velaiveñen* no *Espello* (recollido despois no caderno colectivo *Simbiose* 2000), e participa na colectánea poética *Bilbao*. A súa poesía é fresca, erótica e sensual, na liña das poetas galegas da súa xeración (Yolanda Castaño, Emma Couceiro, Olga Novo), mais cun estilo persoal que fai dela unha grande esperanza de futuro.

Entre os narradores cómpre citar a **Xosé Carlos Álvarez Blanco**, autor do libro *Serzo no lousado*, unha recompilación de varios parzamiques persoais da infancia e escritos cun vigor pouco común. Cada conto, moi breve, transmite un momento do pasado no que o porvir do autor quedou para sempre marcado.

#### **1.4. A literatura galega de Asturias no exterior**

As letras galegas de Asturias teñen certa saída fóra do seu ámbito natural, anque de feito aquí encontrámonos con que os autores que usan o galego de Asturias non deixan de estar inseridos na literatura galega xeral, como xa vimos indicando. Ese é o caso de Crisanto Veiguela e de Xavier Frías, cuxa obra en galego asturiano vai aparecer en publicacións xerais galegas e mesmo estatais. É paradóxico que os autores asturianos en lingua galega sexan os que máis difusión están a ter en Madrid, mais iso é así porque hai unha boa presenza de escritores do Eo-Navia na capital de España. Poetas asturianos en galego están a participar en actividades literarias en Madrid, entre as que se poden citar a máis importante: a colectánea poética *Bilbao*, volume de poemas en lingua galega feita en Madrid con poetas residentes naquela cidade e na que participan asturianos do Eo-Navia (usando algún deles o galego de Asturias parcialmente).

Amais das publicacións, poetas asturianos recitan en galego tamén en Madrid, dando na capital de España unha visión moi dinámica das letras galegas de Asturias. Tamén en breve aparecerá un artigo monográfico que se ocupa da literatura feita en galego de Asturias, dado o seu carácter particular dentro do conxunto das letras galegas e estase xestionando o envío

doutro máis –máis centrado nos poetas– a unha revista literaria portuguesa. Ao mesmo tempo, hai en fase de preparación un estudo crítico moi amplo da literatura galega de Asturias cunha antoloxía de textos que a acompaña, que abrangue desde os tempos medievais deica hoxe. Neste traballo faise un percorrido serio das letras galegas de Asturias no que toca á literatura erudita e popular, centrándose nos autores das derradeiras épocas.

### **1.5. Conclusións**

Estes son os autores e os momentos máis importantes da literatura galega de Asturias ao longo do século XX. Hai unha importante diferenza entre os autores que citamos neste derradeiro período e mais o resto. Os elementos que os distinguen, e que por tanto os caracterizan, son fundamentalmente:

a) consideración do idioma galego como un vehículo de expresión cultural ao que hai que lle dar uns mínimos fundamentos normativos;

b) concepto serio, moderno e realista da literatura debido á formación académica de todos eles. Percíbense influencias de toda caste, desde autores en español das xeracións do 98 á dos 50, poesía latinoamericana, portuguesa e, sobretudo, galega clásica desde o Rexurdimento (Rosalía, Curros e C. Emilio Ferreiro, principalmente), algún autor considera-se mesmo devedor do basco Aresti;

c) algúns dos escritores teñen xa contactos fortes co resto de escritores en galego (non só porque usan decote o galego estándar) e tenden a espallar o coñecemento da súa realidade lingüística e cultural fóra do seu ámbito xeográfico. Non ven a literatura coma un elemento folclórico senón coma unha realidade que ás veces lles resulta vital.

Desgraciadamente, a literatura galega desta banda de Asturias é aínda moi descoñecida. É lamentábel haber de dicir que desde o centro de Asturias algunhas institucións culturais, xornais, partidos políticos e persoas relevantes fan todo o posíbel por desacreditar esta realidade emerxente que enriquece o panorama cultural non só do Principado de Asturias senón de Galiza e ata da Península Ibérica. O que pretende ser un movemento literario pode acabar sendo unha manifestación festexeira por razóns políticas. Con todo, fícame a esperanza de que os autores eonaviegos sexan cedo considerados parte do mundo literario galego, ao que fornecen moitas cousas, entre outras, un precioso dialecto que é tan vello coma o resto do idioma.

## 2. BREVÍSIMA ANTOLOXÍA DE AUTORES EONAVIEGOS NACIDOS A PARTIR DE 1960

Agás Xosé Miguel Suárez e Fredo de Carbexé, todos os demais escritores que figuran aquí pertencen ao Colectivo de Escritores Cotarelo Valledor. O seu labor literario desenvólvese, en xeral, moi lonxe da Terra Eo-Navia. Todos eles, agás os dous citados, utilizan a proposta ortográfica da MDGA coas adicións do CCV.

O valor destes textos radica en seren lingüisticamente homoxéneos, teren maior ou menor valor literario (seguen as correntes vixentes na literatura contemporánea) e pertenceren a unha comunidade literaria.

### 1. CRISANTO VEIGUELA MARTÍNS (1959)

---

Estes poemas pertencen aos dous primeiros números de *O Espello* e foron tamén publicados no caderno colectivo *Carreiros* (1998)

#### *DESEMBOCADURA*

*Remembro aquelas tardes de verao  
camín de Presa, por A Pruida arriba  
a contemplar a ría desde alí  
El Fondón, A Penela  
a carreteira com aquela curva  
segando vidas como herba a gadaña  
dos nosos vecíos...*

*E ao fondo o mar  
o mar amante  
o mar e a súa maré  
sou pálpito constante  
a reflectir a luz da tarde errante...*

*Maré alta e grande  
de chalanos e aves  
arrincando da ourela con suavidade*

*chuchos de lama e pedra.*

*Maré amante...  
pola ponte de Porto el Eo desfaise  
salgase o sou sabor  
entra o mar na súa canle  
misturándose as augas  
medra e vaise...*

**CHAMADA**

*Chegou a primavera  
e acaleceu a terra co gozo  
de sentirse outra vez capaz de  
prodigarse...  
a vida no sou sen se remexeu  
desacougada e louca  
co latir inquieto da chamada  
a cumprir sou destino  
fecundante  
porfía ancestral  
e paroxismo breve  
que a todo el que está vivo  
alguha vez toca.*

**SE HAI QUE CANTAR**

*Como todas as Terras  
como todas as patrias  
como todas as xentes  
como en todas as casas  
a mía Terra ten cousas  
dignas de ser chufadas  
que as canten os poetas  
se quixeren cantalas,  
elos verán que a historia  
fain coas súas palabras*

*con que palabras dicen  
con que palabras falan  
cual música lle poida á canción coa que cantan  
que eu quero que a mía voz  
se exprese nesta fala  
que arrolou o meu berzo  
que me deixou a marca  
de ser pequeno un día cuando o leite se mama;  
a fala máis sentida, a máis nosa, a máis fala  
a que aínda se despreza, se ignora, se avasala por  
[nosoutros  
os mesmos que a temos por fala;  
que outros vistan sous versos  
con sotaque de mázcara  
que rimen un tras doutro  
os tópicos de gala  
e deixen outra vez a lingua condenada  
a lírica chorosa e morriñenta laia;  
que canten os que queren as verdes alboradas,  
ao orballo e aos homes  
que labouran e calan,  
á céltica paisaxe e ás ánimas penadas....  
Se hai que cantar  
eu canto a aqueles que non cambian  
de idioma cuando salen pola mañá de casa;  
para eles estos versos  
e para quen estimara  
que ten algún sentido dignificar a fala  
a lingua que transmite, a que grita, a que canta  
a que ri e a que chora  
a que sinte, a que ama....  
a fala que está viva  
aínda estando acalada.*

Unha mostra da súa obra en prosa é o conto *El leite mouro* publicado na revista *O Espello*.

### **EL LEITE MOURO**

*Estaba caendo a tarde e el sol desamecendo pouco a pouco nel fondo del vale. A primavera está avanzada ou pode ser verao, el neno non lo sabe. Aínda é mui novo para pensar en cousas como esa, para preocuparse por el paso del tempo, das estaciois, da vida. El nenín ten agora outras cousas en que pensar desde que hai poucos días se mudaron de casa e pasaron a morar nel limite da vila, alí onde as últimas vivendas se confunden con a paisaxe e se integran harmoniosamente nela. Para el todo son descubertas. Antes vivía nuha casa de varias plantas nel centro da localidade e cuase que non desfrutaba das maravillas que ofrece el campo; solo os paseos por os alrededores á tardía, e nel bon tempo, cuando xa el sol se poñía. Senón todo era tar dentro da casa entreténdose solo ou na compañía da madre; había veces que paseaban tamén por as poucas rúas principais ou se achegaban al parque público, onde el pouco xogaba, temeroso del exterior, dos outros nenos máis espelidos e destros dos que a madre sempre lo alertaba. Mais houbo un día que na casa que lles taban faendo –recorda con emoción cuando el sou padre lo levara a vela xa cuase rematada– se puido habitar, e para aló se foron, ía agora uha semana.*

*Todo chamaba a súa atención: as árbores e as plantas que medraban non lonxe del novo fogar, os páxaros que pirlaban a todas horas por os alrededores, os cascotes, louxas, tellas e outros restos dos materiales usados para a construción da casa, al igual que algús dos instrumentos utilizados por albaneles e carpinteiros: as palas, as carretillas, el pé de cabra, martelos, paletas, plomada, nível,... El neno todo lo mira, por todo se interesa, ou de obra, cuando se atreve e lle deixan remexer nalgo, ou na súa imaxinación, barrenando posibilidades, gozos aventureiros en que el é el protagonista imitando aquellos homes fortes e arteiros en faeren cousas de tanta importancia como a casa onde poder morar.*

*Axina descubriu el neno os sous vecíos. Había poucos e as casas onde vivían taban algo lonxe. Algús eran labradores e tían gado, sobre todo vacas, mais tamén alguhas ovellas e mesmo un cabalo. Uha daquelas casas de labranza levaba a apastar este gado a un prado cercano á casa del neno; sete vacas -alguha vez oito-, e tres ovellas, son as habituales visitadoras da pradaría, pequena, fisicamente de dimensión galega. Cuando el rapacín repara nelas xa sabe que el leite que toma por as mañás lo dan as vacas, eso lle tein dito muitas veces, mais nin imaxina de que maneira elo se produz. Entre el mínimo rebaño hai dúas de color castaña, a uha chaman “Marela”, a outra “Asturiana”; a outra é toda ela branca e chaman-la “Paloma”; outra é moura, cuase negra, e por eso la deben chamar “Moura”; el resto son vacas pintas, brancas e negras, a uha chaman asi mesmo: “Pinta”, outra recibe el nome de “Condesa” e da terceira nunca el neno soubo como la*

*chaman, se lo preguntou esqueiceulo. Al neno a “Paloma” parécelle ben bonita, coel sou beizo rosadío e a mancha color café nel papo; pero a súa preferida é a “Moura”, pode que por a súa expresión paciente ou por a color, que lo intriga de abondo. Por alguha estraña razón el neno deu en imaxinar que el leite da “Moura” ha ser escuro, como a color da pel de quen lo dá.*

*Ten el pequeno a irmá algo maior que el, compañeira de xogos e pendencias a quen confesou a súa idea; riu a nena e foilo contar aos demáis da familia. Riran tamén os padres con a ocorrencia e trataran-lo de fato, falando un pouco por falar ou, el que é el mesmo, por non taren calados. Despois aquilo pareceu esqueicer a todos. Mais houbo a tarde que veron os vecíos donos del gado, que taban lindando as vacas naquel sou prado, e aló se foron todos os da familia saludalos. Nesta ocasión veran non solo os que moraban nel caseirío todo el ano, que el neno xa conocía de cuando traían el leite; tamén taba ali a parte da familia que tía emigrado para a cidade del centro de Astúrias; entre elos hai dous mozos, un delos chámase Pedro, el outro -como non- Xosé. En que se chegaron alí, al neno dábanlle medo as vacas, sobre todo as pintas, que parecían ter mal xenio; os adultos rin dos sous temores e falan delas, de cual dá máis leite, donde veu cada cual, das que esperan xatín, da que ta na corte porque pariu... Percebe el neno a importancia destes animales. Entretanto, el mozo máis novo, Xosé, parece desfrutar da visita, que lle permite lucir as súas habilidades nel manexo dos animales; mira con superioridade a aquel nenín da vila, que a él se lle antolla criado entre algodois e vai tornar uha das vacas que se foi al meiz da leira cercana, comproba a corda que enrata outra, apalpa os cornos duha terceira, cospe nas maos e xoga con a aguillada... El outro, Pedro, é máis vello e tal vez por eso non precisa chulearse tanto; tamén traballa segando el herba da parte del prado que ta alta e la van curtando de cada vez que vein; lougho dun pedacín descansa e repousa as maos nel mango da gadaña entanto conversa sobre a vida que levan en Xixón.*

*– Dámosche uha pra que la leves prá casa, neno. A ver, cual che gusta máis?, –pregunta a matriarca del clan campesín al pequeno.*

*– Esa –diz el, sen dubidalo un instante, e sinala “Moura”.*

*Non se sabe mui ben quen trouxo a conto el que el neno pensaba del leite das vacas escuras como aquela. Aos labradores failles gracia e tentan explicarlle que aquilo non pode ser así. El mocín máis novo ri con ganas e bota olladas de definitiva superioridade sobre el pequeno, quen, desconcertado, séntese levado a manter a súa fantasía, aumentando a brincadeira xeral.*

*Entón Pedro, quizá compadecido, ou simplemente máis comprensivo del alma infantil, vai xunto al rapacín:*

*– Mira, neno, presta boa atención –dizlle–, e achégase á “Moura”.*

*El mozo verga el corpo para agarrar os tetos da vaca, que pacientemente lle deixa faer; esprémeos destros cos seus dedos e sale un chorro de leite branco del teto escuro, e outro, e outro máis...*

*– Convéncete? –diz al pequeno.*

*Mais este xa se convenceu, agora solo lle importa esta sensación feliz de que hai alguén grande e formoso como el ve este Pedro, que sequer durante uns momentos se ocupou del, que talvez fexo un amigo.*

## 2. XAVIER FRÍAS CONDE (1965)

---

Da súa obra poética ofrecemos algúns poemas do seu poemario *De Costume Imposible*.

### *CAMÍN DA ESTACIÓN*

*Durante todo o camín  
de volta á estación  
non falei coa mía sombra.  
Ela, desacougada,  
mirábame e calaba.  
Rincháronme os dentes  
e piseina sen querer.  
– Que che pasa? -preguntoume.  
Coas mías maos esbuligadas  
amostreille un arco da vella  
á porta do tren.  
Por elas cruzaba a rapazada.  
– Matáronmelles a mente,  
esmagáronmelles a poesía  
–díxenlle.  
Mía sombra calou,  
abondo xa tía a pobría con ser elas entre as outras.*

### *UN VELLO NUN BANCO*

*Un vello senta nun banco  
a contemplar a nada,  
imaxina cartas de amor sen remite,  
furtivamente cáelle unha lágrima.  
Vénlle un mozo con peito en caverna.  
- Quita, vello, molestas.  
O vello non se move,  
o mozo querlle arrincar a cara,  
a cara do vello é entón unha páxina.  
- Veste xa agora?  
-pregunta o vello.*

*Mírase o mozo,  
dor de esencia rota!,  
é alma de eiruga.  
O vello levita no banco,  
xa non se aleda,  
foi delo tantas veces testemuña...*

Do seu poemario de *Azul e Terra*:

*1*

*Tempo de voces como puños,  
axitadores da nada a espallaren bilis,  
bilis que elos quixeren  
ser avelías, mais son mouras  
entre olladas e trabadelas de impunidade.*

*Non saben faer festas entre os rizos  
duha cabeza de infancia,  
non procuran o fondo do mar  
condo subxugan  
linguas de trapo, linguas que outrora  
foran de verdade..*

*Tempo de cinza.*

*Vemos como percorren as siluetas  
da liberdade no nome da pre-historia.  
Bandeiras, naciois,  
letras entre teas de araña e nomes  
tan propios como recónditos  
a federen tras dos sous beizos.  
Idades de caverna  
vestidas con garavata, cintileos mortais  
por desgracia tras duha pluma  
estilográfica. Non, que partan,  
que se exilien  
á súa nada, que señan esqueizo espido  
como foron paridos un día de sol falecente.*

2

*Hai nubes no teu sorriso.  
Ergue no alento,  
cala  
e deixa salir as túas fadas.*

3

*En silencio  
partiche. Nin sequera  
houbo lugar ás protestas.*

*Cesou  
a lingua querida  
que espellaba espirais,  
a pel dun penedo  
azul como o tempo.*

*Vir  
para vivir...  
vivires.*

4

*Quedei a contemplar  
silencios e silencios de ti  
Lúas  
que sen brinde veron  
descubrir tous segredos. En vao  
podo laiar calquera dos tous nomes,  
tantos como as arganas da eira.*

*Vai calor. O verao anda espido  
e folga nos meus beizos.*

*Silencios...  
apenas un escenario improvisado  
entre os beizos,  
chen, inda, de crenzas*

Da súa obra en prosa para adultos velaquí un conto de corte tradicional:

## NA COMPAÑA DOS LOBOS

*Eran mui duros aqueles días de xaneiro. Daquela os labregos sabían muito ben o que era nevar e sabían que condo a neve cubría o terrén, o único que se podía fer era esperar que baxase un pouco, non de todo, que era mui raro, e lougo poder salir para atender o gado.*

*Xosemaría sabía muito ben que antes de caer a noite nevaría. Sabía tamén que ás seis xa non se vería nada, mais el insistía diante da muller:*

*– Escuita, se non vou a Fonteta hoi e deixo amañado o mester, despois poden pasar unha chea de días e non poderemos mover un dido porque estaremos incomunicados, non sabes?*

*Ela entendía perfectamente a impaciencia do sou home, mais non quería que, por mui importante que fose o asunto, o sou home arriscase a vida á volta para a súa aldea dende a vecía de Fonteta. Tían oito fillos e a casa non se podería levar sen o pai.*

*– Non vaias, non vaias –pedía ela inda a sabendas de que como o tivese decidido, o home dela marcharía.*

*– Vou, que estas cousas non se poden deixar para despois –retrucou el nun ton suave mais mui decidido.*

*Ela calou. Marchou da corrada, onde tían aquela conversa, e subiu as escaleiras de louxa para se dirixir á cocía. Sabía que Xosemaría viría mui tarde e que probablemente non cataría bocado ata que chegase á casa de noite. Por eso fritiu uns torrezos e meteunos en dúas rabanadas de pan mouro, pan de centén, para que o levase no fardel e comese se tía gana.*

*Xa non se falou máis do tema. Nada máis ela despediu o sou home cun "cúidate" dito entre susurros e ollando para o ceo que ameazaba con se poer inda máis gris e anoxado que xa estaba; os primeiros faloupos caerían en colqueira momento.*

*Xosemaría foi camín adiante cara Fonteta. A ida foille boa porque o tempo auguantou. Axina atopou o cabreiro con quen habería amañar os sous asuntos e despois de zarrar o trato cun par de vasos de viño acedo da terra, saliu de Fonteta e dispúxose a fer os tres quilómetros e medio que separan aquela aldea de San Salvador, a súa.*

*Sabía que en deixando Fonteta estaba solo dafeito. Ninguén o podería axudar se lle xurdía algunha complicación, e para piorar as cousas, xa a*

*tardiquía estaba caendo e os primeiros faloupos pousaban na cara de Xosemaría.*

*El sabía que á volta habería correr aquel risco, e aquel risco era xa unha realidade. Reconeceu para si mesmo que tía medo e recordouse dos lobos, aqueles seres case máxicos aos que ata entón conseguira tornar do sou pensamento, mais cuxa sombra xa vía enhalando por riba do sou medo.*

*Antes de perder de vista a última luz que delataba a presenza de Fonteta unhas ducias de metros tras del, Xosemaría quitou a navalla. Era a súa xarrapa, aquel bon aliado das xentes desta terra que os sacaba de máis dun apuro.*

*O home non tía intención de lutar contra os lobos con ela no caso de se presentar a ocasión, senón que se achegou a un salgueiro cuxa silueta a penas se podía distinguir xa a aquela hora.*

*Coa axuda da xarrapa curtou unha cana, unha non mui grosa mais que tía abondas xotas. Aquel era o único medio que el conecía para fuxir dos lobos se é que se presentaban, e presentaríanse, estaba mui certo.*

*Non se equivocou. Apenas se alonxara trescentos metros de Fonteta, Xosemaría sentiu o ruído que facían unhas patas poderosas e avezadas á marcha por riba e por baxo do camín, abríndose paso entre as xestas e os toxos.*

*Estaban alí. Os lobos, fieis á súa cita, estaban alí. Ulíranos dende a distancia, sabendo que era un home solo, doada presa para aqueles máis-que-cais famentos e afeitos a se gañaren a comida día tras día co esforzo das súas patas, dos sous queiros e da súa tenacidade.*

*O home non tía máis que a cana. Non sabía quen, e ata eso era o de menos daquela, mais daquén lle dixera que se hai algunha posibilidade de salir vivo condo se vai por un camín de noite, na compañía dos lobos, é arrastrando unha cana chea de xotas miudías polo chao, fendo o máis ruído posible.*

*El non entendía a mecánica daquel procedemento, mais non tía outra posibilidade de escapar. Descartado estaba correr –amostraría inda máis medo–, e menos inda defenderse coa navalla, porque enantes acabaría el con dous queiros no pescozo.*

*El solín se metera na boca do lobo e nunca mellor dito.*

*Nada máis andou, andou e andou arrastrando a cana por tras del, mantendo o paso e rezando para que a nevada se mantivese tan lixeiría como ata daquela, que lle xeaba a cara mais non cuallaba sobre o terrén. Se a neve acabase de cubrir o solo, a cana non sería máis que un lastre e non feiría máis que se entorpecer a marcha.*

*Mais por sorte para el, a neve caía mui mole.*

*Para colmo non se vía nada. Xosemaría seguía o camín case ás apalpadeiras, inda que sería mui difícil que salise del polas muitas veces que fora a Fonteta e volvera ao longo da súa vida.*

*Cada vez estaba máis cerca de San Salvador, mais cada vez tía máis medo. Notaba perfectamente o acompañamento dos lobos, case que podía sentir o sou alento, e escuitaba perfectamente o xirir canso das bestas, invisibles mais presentes.*

*O sou corazón latía fortísimo. El rougaba que non o ouguisen dende fóra os lobos porque sería o sinal de atacáreno.*

*O camín non remataba, San Salvador non chegaba endexamais.*

*Xosemaría sentiu a morte cerca. Sentiulo sobre todo polos fillos e a muller, aos que deixaría nunha situación ruía abondo... e aqueles monstros das beiras do camín alleos ás súas inquedanzas, solo coa mente (terían mente?) fixa no home que iba un pouco por diante delos.*

*Moveu a cana esbuligándoa a dereita e esquerda da que andaba para que fixese máis ruído. Sei que non fose nada, mais sei que deixaría aos lobos sorprendidos durante uns segundos.*

*De momento a cana estaba a servir para que os lobos non se lle tirasen enriba.*

*Seguiu a camiñar sen variar o sou ritmo, pois a présa máis leve xa sería motivo de que os lobos saltasen para el.*

*Ás veces sentía un pao que rompía condo un daqueles pés poderosos pisaba nel e cedía baixo a súa presión.*

*Mais o pior veu condo empezou a sentir –a ver non con aquela escuridade– que algún lobo se metera polo mesmo camín e abríalle paso. Tamén percibiu que o resto da manada se lle achegaba polas ourelas, os toxos e as xestas soaban máis cercaos tamén.*

*E inda non había ningún rastro de San Salvador.*

*Xosemaría non variou o sou ritmo no andar. Solamente agarrou con máis forza a cana de salgueiro e tentou penetrar a escuridade cos sous ollos, tentando ver máis aló da realidade. Mesmo abriu un pouco o pescozo da camisa para que o frío da noite aliviase a suor que o cubría.*

*Entón soou.*

*Soou un oulido estremecedor, unha chamada brava que hoi é case imposible de ouguir. Era o lobo máis vello, o que mandaba na manada, a oulear dende algún penedo. Algo anunciaría, mais o home non sabía o que.*

*Xosemaría quitou os ollos do escuro e fixounos na lucecía fráxil que relumaba diante del. Era San Salvador, á fin.*

*Mais inda non estaba fora de perigo. Se agora deixaba de arrastrar a cana e aceleraba o paso, sería o sou final. Había manter o ritmo pesie a todo.*

*Os trescentos ou catrocentos metros que houbo percorrer ata chegar á luz foron eternos. Os lobos, xa algo inquedos, iban estreitando o sou cerco, mais sen se deixar ver.*

*Finalmente, a lucecía que penduraba da porta da cantina foi dalgún xeito un espantalobos. O chigre era a primeira casa da aldea, e ao sou pé salía a calella pola que se chegaba á casa de Xosemaría, uns poucos metros por baixo.*

*Na rúa non había unha alma, e ata parecía, agás pola luz do chigre, que a aldea estaba baleira, mesmo abandonada.*

*Xosemaría, inda coa cana na mao, foi paso a paso ata a súa casa. Antes de chegar á porta xa tía a chave na mao. Meteuna era enorme, toda de ferro e abriu a porta que rinchou como se a tirasen dun sono.*

*Do interior saliu un feixe de luz que alumou a calella por uns segundos. Xosemaría, antes de a pechar, mirou para fóra protexéndose coa porta e dende unha regandixa.*

*E daquela si que os viu. Viu a tres delos, tres belas bestas de ollos de inferno e pelella cálida que miraban para a porta fixamente, como se quixesen dar as boas noites ao home que acompañaran ata entón.*

*A visión non durou máis de tres ou catro segundos, pois os animais, guiados por algunha forza desconecida, viráronse e foron tragados pola escuridade mentres o home apertaba a dous de sous fillos que o foran recibir, falando solamente con lágrimas.*

### **3. XOSÉ MIGUEL SUÁREZ (1965)**

---

Estes versos pertencen ao seu libro *Bidureiras de Inverno*.

#### ***A MÍA TERRA***

*A mía terra é un chao en abertal  
e cardoxos !ouxados,  
e figueiras velando as casas  
e pinos axenagados polo nordés.  
A mía terra e unha terra !enta,  
unha terra enxugada polo vento que non acouga,  
un vento a!ouriante ás veces.  
A mía terra é un cabazo chen de herba nel crume,  
un cabazo vello coas !ouxas caídas.  
Galochas rachadas,  
arteiras,  
ortigas...  
Pero dígoche eu que quedar quédalle un xarmollo  
que inda ha fe!a verdegar.*

#### ***BIDUREIRAS DE INVERNO***

*El aire solo ten vida !onxe,  
xebrado da axabarada cidade de !uz.  
Solo é aire na escuridade del cerzo,  
na dolente clarién da tardía.  
A arteira cidade engánache  
coa súa rubién de farola e fumo.  
Pero estas bidueiras de inverno non.  
Estas déixanche ver a noite.*

## **TODAS COEL TOU NOME**

*Cheguei a cuntar  
cáseque dous centos de ondas.  
A vida roxe nel xogal da ribeira  
e el mar non é quen de acougar.  
Pinos entre el berxón,  
uha raiola de sol  
e sempre el nordés.  
Mais el vento non pode aca!entar  
a túa escarniada acordanza.  
Cáseque dous centos de ondas  
puiden cuntar.  
E todas, cada uha de!as,  
golpeáronme coel tou nome.*

Do seu poemario *Nas Arribadas*, velaquí unha mostra:

### **AMEICER**

*Esconsonei entre el herba mesta.  
A xelada abertal da cinza  
trouxera aire de vaga de mar.  
As praias anubráranse de inverno.  
Sumírase el verao xa  
entre as penas mouras  
crabuñadas por marte!os  
de branco frío salseiro.*

*Non desdixo nel ameicer aquel  
el tou pousado espertar,  
naque!a mañá aguardada  
devecida.*

*Al cabo, taba escrito nas estre!as.*

## **RAIOLA**

*Anda, non têas triste.  
Quero mellor os tous visaxes de !úa  
unde engalan  
ceibes  
as gaviotas.*

## **ESVÁZASE EL TEMPO**

*As mouras arribadas aguardan al mar  
todos os días,  
a todas as horas,  
en todos os nosos segundos ermos.*

*E han a seguir a!ó,  
condo caian as xeladas,  
entrementes el tempo bastardía  
e arrenega de cadúha das palabras  
que, dacondo, se dixeron.*

## **DAQUELA**

*Non me doleu, daque!a,  
el tempo que anduven:  
tu estremabas os días.*

*Franqueara a porta á !úa,  
á brisa temprada del camín.*

*Pero empecei a botar en falta*

*a túa voz al par de min,  
as mañás entre naranxas e xente,  
el pensamento ceibe,  
el remolín mesmo da túa !etra.*

*Fixemos, daque!a,  
os días entrambos,  
pero solo eu acabei buscando,  
como un vello al pé da lareira,  
a calor del !ume.*

### ***TODO EL QUE TRAZÁRAMOS***

*Solo na terra que vela el tou andar,  
ese andar de regueiro entre carrizas e xungos,  
aprenden os umeiros as súas reices.  
Solo na terra caltreada das túas promesas,  
semada de ofrecementos,  
bota el herba neta del outono.  
Pero agora,  
nestos días de verao,  
de ventás e noites abertas,  
pregúntome qué clas de terra sequeira sóu  
pra merecer que as túas palabras esmorezan  
como se nunca foran ditas.  
Nin sequera prantadas.*

#### **4. QUIQUE DE ROXÍOS (1965)**

---

Como poeta, publicou algúns poemas en *O Espello* nº 6 (1999) co título *Teño dolo da túa risa*.

##### ***Teño dolo da túa risa.***

*Marés de cerzo branco  
cancellas de mortas pedras,  
berros de tristuras esqueicidas  
silencios de llargas noites.  
Non entendes os estrondos,  
non comprendes os estoupidos  
non che explicaron el condo  
non che abriron os camíós.  
Quen empezou esta to!ura?  
a quen lle peta que siga?  
quen deixou a sou irmao  
pra lluitar cõa negra noite?  
Teño dolo da túa risa  
Que non estoupa fiúnza,  
Teño dolo da túa risa  
Cen mil veces mozcada  
Cen mil veces en choros trocada.*

##### ***Non fain falta palabras***

*Non fain falta cuite!os  
nin regos de sangue caliente;  
non fain falta berros  
nin odio nas miradas.  
Brutalidade!  
denenos que xa non son nenos,  
de grandes que inda non medraron.  
Cacarexadas!  
cuitelladas del cativo,  
del bouzallón namorado.  
Tán as vosas maos*

*chêas de rubio sangue  
de regos de inxenuidade  
que baxan polas meixelas  
Non fain falta  
cuitellos  
Non fain falta  
palabras  
Nin odio nas miradas  
Nin regos de rubio sangue.*

***Díxenlle al ameicer***

*Díxenlle al ameicer  
que se esqueicese  
un día de vir;  
que por unha mañá,  
namais por unha,  
non se deixase chegar.  
Respondeume sen... sen falar  
Contestoume sen ... sen dicir  
Que el non podía,  
quixese ou non,  
vir nin deixar de vir;  
que el non vía, que o trían;  
que el non se ía, que o botaban  
Respondeume,... contestoume...  
que el non podía nin... nin falar  
que el non sabía nin ... nin dicir.*

***Dícesmo a xeitín.***

*Dícesmo a xeitín  
acougando el frouxo lume,  
derretindou cōa túa friaxe  
el estoupido da noite.  
Dícesmo a xeitín,  
coel vacío dos tous ollos  
matando a cativa luz  
dunha noite de liberdade.  
Dícesmo a xeitín,*

*enganándome de novo  
xebrando das nosas maos  
el que nunca xuntas tocaron  
Dícesmo a xeitín*

Como autor para nenos, ten algúns contos de corte tradicional:

### ***A CURUXA MARRULLEIRA***

*Érase unha curuxa que viu nun palombar unhas palombías muito ben cuidadas e pensou:*

*– Se me pinto de branco poderei ir a vivir con elas e así non me faltará de nada.*

*As palombas non recoñeceron a intrusa mentras estevo sen abrir el pico, até que un día esqueiceuse del papel que representaba e chillou como curuxa que era:*

*– Uuuuuuuú Uuuuuuuú*

*As palombas botáronna a picoadas del palombar e ela colleu camín de volta para a figueira onde tía antes a súa casa. Pero as compañeiras non recoñeceron as súas brancas plumas e non a quixeron al sou !ado.*

*Deste xeito, por ser unha tramposa e marrulleira a pobre curuxa atopouse até sen a casa de sou.*

## **AFORRAR**

*Érase un sapín que de condo en condo, alargaba el focico e mascaba un pouco de terra.*

*– Por que estás sempre tan fraque?– preguntoulle un día a sabicheira lebre.*

*– Pois porque sempre teño fame– contestou el sapo.*

*– E se teis fame –respondeu a lebre– Por que non comes até encherte?*

*– Porque un día- queixouse el miserable sapín– tamén pode acabarse a terra.*

## **EL TOUPO**

*Había uha vez un toupo que saltupiaba baxo a terra por longas e embotortadas galerías que a súa familia esfuracara en moitos anos de traballo. Tan pronto engataba para os pisos de riba como baxaba ás bodegas e para e!o cuase non lle fía falta ver. En realidade vía mui pouco pois os toupos tein os ollos cativos e con muita miopía.*

*Un día enfilou un corredor descoñecido e seguiu viradando sen fer caso a un compañeiro que lle berraba:*

*–Alto! Pára! Ese corredor vei a fóra e é perigoso!*

*Sen fer caso nengún, el toupo seguiu el sou camín até que se atopou dentro dun montón de terra e cuito inda quente. Ergueu el focico para el alto e a luz del sol que relumaba como se foran relustros féxolle pechar os sous pequenos ollos.*

*Condo os abriu outra vez, namais un pouquín para que el sol non llos queimase viu como unha cousa forte e grandôa se lle vía enriba.*

*El labrego deulle dúas ou tres cotoadas cōa eixada e dixo mentres o remataba:*

*–Toupos! Sempre estarabouzándome entre el cebo!o.*

### ***EL RINCHIN SIN MANCHAS MOURAS***

*Había uha vez un rinchín que nun tía manchías. El pobre taba mui encolido pois os compañeiros ríanse del.*

*– Condo se vío un rinchín sen lunares?– lle decían*

*Un día atopou un neno que escuruxado uhas veces, ás gatas outras non deixaba de mirar para el tarrén. El rinchín dende el pico de uha pena outeaba para ver cual era el traballo del neno.*

*Chegou un dos compañeiros del noso rinchín e o neno al velo botoulle de présa as súas manías enriba e pilloulo*

*– Rinchín, rinchín...vei a ver ao tou padrín e dille que mañá e pasado faga bon solín.*

*Pero el neno, en vez de deixarlle ceibarse enhalando, tal e como se fai sempre despois de dicir estas palabras, quería quitarlle as manchas mouras e para elo a cada un que pillaba remataba estrapallándolo de tanto axenegar con uhas e outras ferramentas.*

*Nesto viu el noso rinchín, ao rinchín sen lunares, e posto que non tía manchías deixoulo escapar, pensando que podía ser algún bicho de pinchoada velenosa.*

*Deste xeito, por uha vez el noso rinchín alegrouse muito de non ter as ditosas manchías.*

## **5. FREDO DE CARBEXE (1967)**

---

Os poemas que seguen pertencen son a contribución deste poeta á antoloxía *Milenio* de Basilio Rodríguez Cañada (1999)

### ***ESCURIDADE NEL ACABO***

*Escuitando na noite  
foron soando  
páxaros primeiro,  
el ruxir del vento  
e as gance!as despois  
e sentinme a min mesmo  
dereto outeando nel alto.*

*E dende aló chegaron  
soares novos envoltos  
en luz de mochicas;  
e vían calofríos  
e trembei nel tarrén  
al sentir a pequenez,  
a escuridade del acabo,  
na noite sen ameicer.*

### ***AL HORA DE IRSE***

*Al deixar a casa dun,  
volvo os ollos e  
vexo grumar  
acordanzas nel camín,  
e vexo que chaman  
e piden que volva.*

*!uito col camín  
e el pensamento  
abura nos recordos  
das casas e xentes  
mentres refugo*

*el que máis dole.*

*E el !ugar allén  
empiora el ánima  
al atesar na fuxida,  
e entoncias acougo  
e !ogro pensar, xa  
nel camín de volta.*

### **ESPERTAR**

*Coa rubién da tardía  
falárasme agallosa  
nos tempos de esfouto,  
coas caricias amigas.*

*Envoltos na lluz  
sentíamos el aire,  
e cofaba nel sen;  
envolto nun sono,  
el ánima !atía.*

*Col espertar de súpeto  
chegou el máis fondo  
dos dolos,  
e a escuridade crisou a !uz  
del agallo ata el cerno.*

*E, des!ucido el día,  
fendeu el ánima  
e xurdiu el acordo  
que non 'tabas xa  
nesas tardías.*

### **FOTOS VELLAS**

*Nel aparador vello*

*aparecen fotos dos nosos,  
apegadas nas follas,  
topiando nas beiras.*

*Vexo xentes e casas,  
e el mare!o !évame  
a fruxes que faltan;  
e trembo al ver  
que hei 'tar ne!as  
condo daquén las mire  
tando mare!as.*

### **ASOMEÑÁBASE Á TERRA**

*A casa de pedra  
asomeñaba na foto  
á mesma terra,  
nel día !ucio  
coas nubres mouras  
da tarde cincenta.*

*Por riba, el crume  
e a rama dun monte;  
visto de esgueira  
polo alto osmábase.*

*E el tarrén mollado  
espellaba nas pedras  
el !ucir frío del  
augua na terra.*

*E al sou pé,  
uha !astra anegada  
fía das goteiras  
carreiros de !ama  
al pé duha poceira.*

**LÚA**

*Al través da ventá  
vese escondida  
a lúa, sen nubres  
e cuase sen vento.*

*Outeo na noite  
e as louxas das casas  
faen compañia  
á luz da rosada.*

*Alento al cristal  
e al miralo con tento  
vese clarear  
un arco da vella*

## 5. VIQUI VEIGUELA (1979)

---

Dos seus poemas da colectánea *Bilbao*:

1

*Sonche ás veces quen de escoller  
do milagre do teu nome  
o prodixio que ten  
de se inventar en nós; e  
tiña que te erguer para  
escribires gorm nos cristais toldados,  
e tiña que che pechar os ollos só por  
gravar a túa espida inmensidade  
debuxante nas sombras;  
e tiña que ser na brétema  
púrpura que agroma dos nocellos,  
nas letras que che esvaran ao tentares  
inventar o latexar quedo da miña voz.*

2

*¿Se lembro chamarche a gloria  
do meu labirinto?  
Seica agoches aínda  
os milleiros de veces que  
no teu van durmiron tigres  
e o sorrir perverso de  
de coñecer a voz que che  
buscaba feitizos azuis  
ma fin da palabra.  
Seica saibas da beira do meu  
camiño no seu tempo... erguida,  
secretamente amada.*

3

*Vexo uha muller adormecida  
na mías maos.  
Eu digo que nela soñan os cerzos  
aneinando esvedros, soprándolles  
el sangue e a tolura.  
Eu digo que nela adormiga el  
meu adoito de abalanciarme,  
e soletrear recordos,  
e adiviar os sous pulsos como un pelegrín  
derriba del sou sexo.  
Eu digo que, amorgueirados, nela  
brincan os meus desexos  
de anoitecer amecido no sou eclipse,  
eu digo, quizais, de lúa chêa.*

4

*Téñote nas esquecidas nébras que trouxeras  
dese intre aburado no que habitas,  
debullada, préximo, en silencios  
nos escuros ourelos del meu nome,  
galdido de me esperares nos espellos.  
Quen te ouguise no alento  
ou na estaxe cimbre dos andares  
ou nas pálpebras violetas;  
quen te ouguise oular, osmando el vento.*

5

*quíxente chamar  
polo tou nome de ameixeira  
muller que xiprabas a humidanza  
fría nos louxados*

*quíxente chamar gloriosamente erguido  
á noite e al mofo que a esqueice  
muller terrible, amante, espida  
quíxente chamar  
e no silencio abeirado á túa sofraxe  
ouguín que enhalabas  
remedando ciprestes.  
dicen que chegou el tempo das cereixas  
pero eu, dende el encerro destas maos,  
só seite  
quedamente.*

6

*O espello dime que xa non son Alicia.  
O tempo pesa.  
E do cristal xa só xorde  
a miña faciana estragada  
polos bicos sen desexo.  
Indefino os meus beizos  
nunha nódoa roiba con aristas.  
Xa vai tanto que os peitos aprenderon  
a respectar a Newton.  
A pube xa non é un corvo  
que aniña nas miñas coxas—  
xa non me canta o poeta.*

## **BIBLIOGRAFÍA**

- ACEVEDO HUELVES, B. e FERNANDEZ FERNANDEZ, M. *Vocabulario del bable de occidente*. Centro de Estudios Históricos. Madrid, 1932.
- ALONSO, D. *Obras Completas*, tomo 1, *Del Occidente Peninsular* Ed. Gredos, Madrid 1972., pp. 291-533. Inclúe os artigos: "Enxebre", "El gallego leonés de Ancares y su interés para la dialectología portuguesa" (en colaboración con Valentín García Yebra), "El saúco entre Galicia y Asturias (nombres y supersticiones)", "Junio y julio entre Galicia y Asturias", "Notas sobre léxico y etimología", "Dos voces portuguesas: *estiar*, *sotaque*", "Gallego-asturiano *engalar* «volar» (casos y resultados de velarización de -n- en el dominio gallego)", "Gallego *bordelo*, *abordelar* (sobre el par de encuarte en el Nordeste Peninsular)", "Dos palabras gallego-asturianas", "Narraciones orales gallego-asturianas", "Ganado vacuno en San Martín de Oscos".
- BABARRO GONZALEZ, X. *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Universidade de Santiago, 1994.
- CATALAN, D. *Las lenguas circunvecinas al castellano*. Paraninfo, Madrid, 1989.
- CORRIENTES, F. *Diccionario de arabismos*. Gredos, Madrid. 1999.
- FRÍAS CONDE, F. X. (dir.). *Contos populares da Terra Navia-Eo*. MDGA-Ambitu, Oviedo, 1993.
- FRIAS CONDE, F. X. "Subestándar versus castrapo no galego de Asturias". In *A Freita* nº 10. pp. 32-39. Eilao (Asturias), 1997.

- FRÍAS CONDE, F.X. "A lingua galega en Asturias: o difícil camiño cara ao subestándar", in *Revista de Linguas y Literaturas catalana, gallega y vasca*, VI, 1999b.155-168.
- FRÍAS CONDE, F.X. "Os límites entre galego e asturleonés en Asturias", in *Revista de Filología Románica*, 1999c.
- FRÍAS CONDE, F.X. : *Contos e cantigas eonaviegos*. VTP, Xixón. 2000.
- FRIAS CONDE, F.X. "Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta", in *Revista de Filología Románica. Homenaje a Pedro Peirra*, vol 1, 241-256, Madrid, 1997.
- FRIAS CONDE, F.X. *O galego exterior ás fronteiras administrativas*. VTP ed. Xixón, 1999a.
- FRIAS CONDE, F.X. *Proposta de notas normativas do galego de Asturias*. In *A Freita* nº10 (I parte, pp. 40-50, 1997) y nº 11 (II parte, pp. 46-55,1998). Eilao, Asturias.
- GARCÍA DE DIEGO, V., *Manual de Dialectología Española*, Centro Iberoamericano de Cooperación, Madrid, 1978.
- GARCIA GARCIA, J. *El habla de El Franco*, Instituto Bernaldo Quirós, Mieres del Camino, 1983.
- HERNANDEZ, A. "Algunas características del habla de As Figueiras", in *Estudios y Trabayos del Seminariu de Llingua Asturiana (II)*. Universidad de Oviedo, 1979.
- MENENDEZ GARCIA, M. "Cruce de dialectos en el habla de Sisterna (Asturias)". in *Boletín de Tradiciones Populares* VI, 1950. pp. 355-402.
- MENENDEZ GARCIA, M. (1951): "Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias", in *BIDEA* 5:14
- MENENDEZ GARCIA, M. *El Cuarto de los Valles (Un habla del Occidente Asturiano)*. BIDEA, Oviedo, 1963. Tomos I e II.

- MENENDEZ PIDAL, R. *El dialecto leonés*, I.D.E.A., Oviedo, 1962.
- MENENDEZ PIDAL, R. *Manual de Gramática Histórica Española*. Espasa Calpe, Madrid, 1967.
- MUÑIZ, C. *El habla del Valledor*. Academische Pers., Amsterdam 1978.
- RODRIGUEZ CASTELLANOS, L. *Aspectos del bable occidental*. IDEA, Oviedo, 1954.
- RODRIGUEZ-CASTELLANO, L. "Palatalización de L- inicial en la Asturias de habla gallega". *Verba* 2, 1975.
- VV.AA. *Lingua e cultura galegas de Asturias*. Ed. Xerais, Vigo, 1994. Dentro desta obra merece especial interese o artigo: MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, C. *Semántica e pragmática da literatura oral na Terra Navia-Eo*.
- VV.AA. *Normas ortográficas e morfolóxicas do galego de Asturias*. MDGA, Eilao, 1991.
- ZAMORA VICENTE, A. *Dialectología Española*, Gredos, Madrid, 1970.